

Festas *da* Ascensão 2026



Festas da Ascensión

O mercado de gando que se converteu na gran festa de Santiago

A Ascensión naceu a partir da multitudinaria feira na que gandeiros e tratantes facían negocios

Redacción

A Ascensión é unha cita festiva sagrada para os composteláns. Os picheleiros agardan con ansia o día en que o Concello publica a programación para coñecer as novidades e pratos fortes que darán vida e movemento á capital galega. Pero non todos coñecen a verdadeira historia da festa, as raíces que a fixeron o gran atractivo turístico e de ocio que é actualmente. O certo é que naceu como unha importante feira na que había un mercado de gando, sobre todo cabalar.

Eran dous días nos que milleiros de persoas, especialmente gandeiros e tratantes, visitaban Compostela para mercar e vender mercadorías na carballeira e o campo de Santa Susana. A Ascensión comezou a ser entendida

como na actualidade a partir da década de 1950, cando os cambios no sector gandeiro derivaron nunha decadencia das grandes feiras anuais.

Ata ese entón, as feiras compostelás convocaban a incontables agricultores e gandeiros, que paseaban polas rúas coas súas colleitas e animais co ánimo de conseguir un bo trato.

Relátase daqueles tempos que na cidade medraban os ánimos desde días antes, xa que o comercio preparábase para a ocasión e anunciaban nas rúas os actos relixiosos, as actividades festivas e os bailes. Na véspera os animais percorrían a cidade, os feirantes armaban os seus campamentos na carballeira e empezaban a traballar os postos de comida.

O punto de partida da cita chegaba á tarde-noite, cando veciños e visi-



O público atega a Praza da Quintana durante o espectáculo dos cabezudos.

tantes aproximábanse para catar en primeira persoa o ambiente e degustar a comida.

O día principal contaba tamén cun alcume gastronómico, «a proba do polbo», xa que era a ocasión perfecta para achegarse á carballeira e ao campo de Santa Susana, percorrer os distintos postos e saborear, entre outras propostas, o tradicional cefalópodo.

De este modo, a Ascensión emerxeu como unha feira de gando para rematar transformándose nunha festa civil e urbana. ■



Ambiente nunha edición anterior da feira cabalar de Amio.

Felices festas da Ascensión

Poñemos a nosa gota de auga
ao servizo da nosa xente

edo
ESPIÑA&DELFIN



Festas da Ascensión

Redacción

As Festas da Ascensión comezan en Santiago máis ou menos cando a estrutura da nora empeza a asomar entre as árbores da carballeira de Santa Susana, no máis alto da Alameda. O parque central da capital vai cobrando vida pouco a pouco a medida que chegan as atraccións, que son a primeira pista de que a cidade afronta as súas festas máis autóctonas. A nora acapara as miradas de todos os veciños e visitantes, e non é para menos, pois é a máis grande de España e unha das máis grandes de Europa, con 54 metros de altura.

Sete operarios traballaron desde principios de mes para levantar a imponente estrutura, visible desde practicamente todos os recunchos de Compostela. Fixérono nun lugar privilexiado, unha zona alta que, sumada á altura da atracción, ofrece unhas vistas únicas da capital galega.

A encargada da montaxe, chova ou faga sol, é a empresa Norias Sánchez, que marca Santiago como unha parada obrigada dentro da súa xira anual. «El año pasado no estuvinos, estivo mi hermano con otra algo más pequeña», explica Francisco Sánchez, fundador e propietario desta singular empresa nacida en Úbeda

A Alameda acolle a nora máis alta de España, de 54 metros

A atracción ofrece unhas vistas privilexiadas de Compostela ● Sete operarios encárganse da súa montaxe ● É a mesma ca do Nadal vigués

CEDIDA



A empresa Norias Sánchez montando a Giant Wheel na Alameda.

(Xaén), a terra de Joaquín Sabina.

Unha das grandes citas da nora xigante, ou Giant Wheel, como se denomina oficialmente, é o Nadal de

Vigo, no que instalan «exactamente la misma noria», segundo o operario. «Ni más ni menos luces, ni más ni menos metros», conclúe.

A nora non é o único reclamo que chama a atención estes días na Alameda, un espazo no que non faltarán atraccións para todos os públicos.

Estarán presentes propostas xa clásicas como o 'saltamontes', as camas elásticas, os carruseis ou os coches de choque. Xunto a estes aparellos de lecer, composteláns e visitantes poden atopar tamén outro imprescindible destas citas: as tómbolas, cheas de premios e agasallos cos que animan ao público a tentar a sorte mercando un ou varios boletos.

Para gozar dun momento de descanso despois de tanta enerxía acumulada, a carballeira alberga incontables postos gastronómicos. As garrapiñadas, os churros, os algo-dóns de azucre, as patacas fritidas ou as rosquillas farán as delicias dos festeiros.

Ademais, seguindo a liña dos últimos anos, o Concello habilita tamén nesta edición un horario especial sen ruído na Alameda para pequenos e adultos neurotípicos, demostrando o seu compromiso por garantir a diversión de todos os picheiros respectando as súas sensibilidades.

Así, este sábado 16 e o domingo 17 de maio, entre as 17.00 e as 19.00 horas, apagaranse as luces e as músicas dos aparellos e dos postos gastronómicos, para que especialmente a cativada máis vulnerable aos estímulos poida gozar tamén da maxia da Ascensión. ■





JAEL

JOYERÍA

DISTRIBUIDOR OFICIAL

 ROLEX	 TUDOR	 BREITLING 1884
 BVLGARI	 HUBLOT	 LONGINES
 TISSOT	 SPEAKE MARIN	 BAUME & MERCIER MAISON D'ORFÈVRES GENEVE 1830
 TAG Heuer SWISS AVANT-GARDE SINCE 1860	 HAMILTON	 MONTBLANC

JAEL JOYERÍA · Santiago de Compostela | A Coruña | joyeriajael.es

Festas da Ascensión

Redacción

Falar da Ascensión é falar de gastronomía, amigos, ambiente picheiro, atraccións na Alameda e, sen dúbida, de música. Os composteláns frotan as mans cando o calendario avanza e se vai achegando o mes de maio para coñecer que artistas e bandas marcarán o ritmo das súas festas máis queridas, que comezaron este martes e se estenderán ata o domingo 17 de maio. Este ano, a programación trouxo consigo nomes destacados como os de Mondra e Tanxugueiras.

O trío de pandeireteiras formado por Aida Tarrío e as irmás Olaia e Sabela Maneiro foi a encargada de abrir as Festas da Ascensión. Coa Praza do Obradoiro como escenario e un ambiente ateigado de festeiros, as artistas presentaron cunha escoita colectiva o seu novo disco, *O Cuarto*, co que conmemoran os seus dez anos de traxectoria. Así, o grupo de cantareiras asinou con sobresaliente a súa segunda participación consecutiva nesta cita tras dar o concerto central do ano pasado na Quintana.

Onte tamén foi unha xornada de diversión na Quintana co espectáculo Santiago 40 Pop, onde actuaron figuras como Chiara Oliver, Ruslana, Marlon, Samurái, Daniela Blasco, Kenneth,

Mondra tomará a Quintana o día grande da Ascensión

As Tanxugueiras abriron os festexos o martes e o cantareiro actuará hoxe ás 21.00 horas

O Xoán, Tapa D'Orella, Kike Varela e Álvaro Puga.

Hoxe, o día grande das festas, Compostela vibrará co concerto da Banda Municipal de Música coa Colexiata do Sar, na Quintana; a comparsa de cabezudos desde o Teatro Principal; e diferentes espectáculos de folk na rúa (no Santo Agostiño, Toural, Cervantes e Obradoiro). Con todo, o prato forte será a actuación do cabeza de cartel: Mondra, ás 21.00 horas na Praza da Quintana.

A aposta polo cantareiro promete asegurar unha experiencia imperdible para todos os públicos. Cómpre lembrar que a promesa musical teense asegurou no vídeo da súa escolla como artista principal da Ascensión que este «vai ser un día moi especial», no

que sobre o escenario poderán verse «unha chea de sorpresas e amigas».

Compos Fest e Cantos de Taberna

Haberá unha destacada programación musical durante a fin de semana. O venres, a Praza da Quintana acollerá o Compos Fest; o sábado, os Cantos de Taberna levarán a música polos locais da cidade; e o domingo, San Martiño Pinario será escenario do concerto A voz das Letras Galegas, a cargo da Banda Municipal de Música de Santiago. Ademais, o sábado e domingo celebrarase a segunda edición da Romaría das Flores no Parque de Belvís cun formato ampliado, na que haberá concertos, DJs e gastronomía. ■

CEDIDA



Mondra e a concelleira Pilar Lueiro na Praza do Obradoiro.

EUROPA PRESS



Tanxugueiras durante a escoita colectiva de 'O Cuarto', na Praza do Obradoiro.



Vive las ventanas de un modo nuevo. Te esperamos en nuestro Finstral Partner Studio.



Descubre en nuestro Studio las tres cualidades de la ventana perfecta: belleza, bienestar, sostenibilidad.

Visita nuestro Partner Studio y vive las ventanas de un modo nuevo: solicita una cita personalizada.







Vía Faraday, 1 - Políg. del Tambre - Santiago
T. 981 936 350 - 608 392 060

Calle Urzáiz, 80 - Vigo
T. 986 140 033 - 696 142 919

www.cabeal.es

EL PRIMERO DE UNA NUEVA ERA.

NUEVO BMW iX3.



¿Te gusta conducir?

BMW iX3 50 xDrive: consumo eléctrico promedio en kWh/100 km: 15,1-17,9.

Amiocar

C. Rúa de Malta, 3
Pol. Ind. Costa Vella
Tel.: 981 56 96 80
Santiago de Compostela

www.amiocar.concesionariobmw.es

Festas da Ascensión



CEDIDA

A cervexería Rúa Bella conta cunha completa e económica oferta gastronómica.

Rúa Bella e Sicilia in Bocca, dous infalibles de Santiago

Estes restaurantes asentáronse entre as propostas favoritas da veciñanza compostelá con opcións culinarias para todos os gustos

Redacción

Santiago vibra estes días cun ambiente especial grazas ás Festas da Ascensión. As rúas énchense de música, tradición, encontro e alegría, nunha celebración que convida a deixarse levar polo espírito festivo da cidade. Entre paseos, actividades e momentos compartidos, facer unha pausa para gozar dunha boa comida convértese nun dos grandes praceres destas datas.

A oferta gastronómica compostelá permite escoller entre propostas moi variadas: desde pratos ligados á cociña galega máis auténtica ata opcións con sabores chegados doutros lugares. Nesta selección poñemos o foco en dous locais que destacan pola súa personalidade, pola calidade da súa cociña e por ofrecer unha experiencia única para completar estas festas.

Rúa Bella

Na rúa Nova, 17, Cervexería Rúa Bella dálles de comer desde 1995 a veciños, turistas e milleiros de peregrinos que chegan cada ano a Santiago. Eríxese como unha opción axeitada para almorzos, xantares, merendas e ceas cunha ampla oferta de receitas inspiradas tanto na cociña local como na máis innovadora.

Os amantes da gastronomía galega poden escoller entre o seu polbo á feira con patacas, os pementos de Padrón ou a empanada á galega. A oferta complétase con múltiples pra-

Ambos os dous locais destacan polas súas pizzas artesanais e as súas variadas cartas

tos combinados e diferentes tipos de bocadillos, carnes, ensaladas e peixes. Entre as súas especialidades están tamén as pizzas caseiras.

Sicilia in Bocca

Situado na Avenida Rosalía de Castro, 72, Sicilia in Bocca ofrece saborosas opcións para aqueles que buscan afastarse da cociña galega sen saír de Santiago. Este restaurante transporta aos seus comensais á gastronomía italiana para degustar pizzas tradicionais elaboradas en forno de pedra por mestres *pizzaiolos*. A súa carta complétase con diferentes pratos de pasta, focaccias, postres, xeados artesanais e outras propostas. Ademais, Sicilia in Bocca vén de reforzar a súa aposta pola capital galega tras mercar no mes de marzo o pub Momo, un dos locais máis emblemáticos da cidade. ■



CEDIDA

Unha das pizzas de Sicilia in Bocca.

Estanco-Loterías

CAMIÑO FRANCÉS

A Sorte do Camiño

LUNES - VIERNES de 8:00h a 22:00h

SÁBADOS de 9:00 a 22:00h

DOMINGOS y FESTIVOS de 9:00 a 14:30

Tlfs: 881972484 | 604039982

@estancoloteriascaminofrances

Avda Camiño Francés, 4
Santiago de Compostela
Frente al CC As Cancelas

Rúa Nova, 17 - Santiago • T. 981 586 854

Cervecería - Pizzería - Restaurante

RÚA BELLA

Pizzas y hamburguesas caseras

Cafetería - Vinos - Cervezas - Refrescos - Raciones - Bocadillos - Sandwiches - Hamburguesas - Ensaladas

Julio Rey

PROMOCIONES INMOBILIARIAS

40 años construyendo hogares

686 587 172 - 981 524 430 | Calzada de Sar, Santiago

De lunes a viernes de 9 a 19 h | www.juliorey.es

*Julio Rey os deseara
feliz fiesta de
la Ascensión*

**Nueva promoción
de viviendas en
A Muíña 2ª fase**

Festas da Ascensión

ANTONIO HERNÁNDEZ

A Copa Galicia de Pura Raza Galega chega á súa 25ª edición

A Feira Cabalar da Ascensión ofrece un ano máis competicións de andadura tradicional galega, probas infantís e espectáculos ecuestres

Redacción

Os cabalos de Pura Raza Galega volverán rinchar en Amio este xoves 14 de maio para celebrar a tradicional Feira Cabalar da Ascensión. Unha cita ineludible non só para os afeccionados ecuestres de toda a comunidade galega, senón para todos os picheiros que buscan gozar ao máximo das celebracións máis agardadas do ano.

No Mercado Nacional de Gando de Santiago de Compostela, como é habitual, os equinos participarán nas competicións de andadura tradicional galega en marcha serrada e chapeada. Do mesmo modo, e sendo xa tradición desde hai 25 anos, estarán presentes na pista de presentacións e concursos os cabalos participantes na XXV Copa Galicia de Pura Raza Galega, organizada desde hai un cuarto de século pola Asociación Pu-

ra Raza Cabalo Galego, baixo a dirección do compostelán Jacobo Pérez Paz, tamén presidente da entidade.

Na proba disputarase, ademais, o Gran Premio Dragóns de Santiago, trofeo institucional recuperado hai 25 anos polo Concello de Santiago para distinguir o animal de Pura Raza Galega que obteña a puntuación máis alta nos concursos celebrados ese día. O trofeo será entregado pola alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín.

Outro dos galardóns especiais será o destinado aos cabalos e eguas de raza percherón, bretón e hispanobretón, ou cruzamento destas, que disputarán o premio Cabalo Santia-

O Gran Premio Dragóns de Santiago escollerá o mellor animal de Pura Raza Galega

gueiro ao mellor exemplar de razas pesadas da Ascensión 2026.

Os nenos e nenas, dentro da categoría de novos presentadores, poderán participar no concurso pensado para eles. Trátase dunha categoría única de ponis, na que participarán exemplares dos dous sexos. Esta proba pretende fomentar o amor polos équidos e promover a actividade gandeira desde a idade máis temperá.

O peche do evento correrá a cargo da Sección de Doma de Alta Escola de Galicia Dragóns de Santiago e do espectáculo leonés *A maxia do cabalo e o feitizo da rosa*, compañía recentemente proclamada subcampea do mundo no concurso de exhibicións do Salón Internacional do Cabalo SICAB 2025, en Sevilla. A Feira Cabalar da Ascensión volve consolidarse así como un encontro que reforza o vínculo de Santiago coa cultura cabalar e gandeira. ■



Visitantes e cabalos no Mercado Nacional de Gando de Santiago.



Espectáculo ecuestre do ano pasado.



Xinetes cabalgando en Amio.



¡Tenemos el bocadillo que más te gusta!

**BOCADILLOS - SÁNDWICHES
HAMBURGUESAS
Y POLLOS ASADOS**

Rosalía de Castro, 23 (Esquina Montero Ríos)
T. 981 590 538 • Santiago



Registro Sanitario nº C-15-000409

Expertos en tratamientos capilares



CLÍNICA DERMATOLÓGICA
Laura Agrelo
CENTRO CAPILAR

Santiago de Compostela | www.clinicacapilarlauraagrelo.com

☎ 981 563 906



A Santiaguina
Biscuits Tradicionais de Galicia

Piedras de Santiago
Biscuits Tradicionais de Galicia

Pastelería LA PERLA 1
Rúa San Francisco nº 30
T. 981 581 958 - 696 435 271
15704 - Santiago de Compostela

Pastelería LA PERLA 2
Rúa do Villar nº 79
T. +34 604 093 911 - 635 617 188
15705 - Santiago de Compostela

Pedroada s/n - SANCOSA, S.L.
T. +34 981 581 208 / +34 981 581 958
Santiago de Compostela
www.pedrososantiago.es



Festas da Ascensión

Santiago de Compostela

Perforacións para
Energía Xeotérmica
Pozos de Barrena - Tomas de Terra
Garantimos Auga

Sondeos Guerra

www.sondeosguerra.com Vaamonde - Teo | T. 981 503 096 - 608 181 803 . 981 814 607

Viplaro

**ELECTRICIDADE, AIRE ACONDICIONADO
E TELECOMUNICACIÓNS**

Vía Edison, 37 - Pol. Industrial do Tambre - 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
T. 981 576 751 - Fax: 981 561 464 - www.viplaro.com - viplaro@viplaro.com

Descanso pensado para ti

- Colchóns >
- Bases >
- Canapés >

Nattex Compostela é unha empresa especializada en solucións de descanso, ofrecendo colchóns, canapés e complementos pensados para mellorar o confort e a calidade do sono.

Nattex
Compostela

Rúa das Hedras 25B, O Milladoiro
www.nattexcompostela.es

**ALQUILER DE VEHÍCULOS
CON CONDUCTOR**

FAROCARS

Santa Marta de Arriba,
61-63 - bajo
Santiago de Compostela
Tel. 981 52 34 98
M. 649 49 25 95
vehiculos@farcars.com

Limpiezas

JORMAN, S.L.

**Limpiezas
Profesionales**

R/Cancelas, 94 · Tlf. 981 562 989 · Mov. 662 313 806
info@limpiezasjorman.com · www.limpiezasjorman.com

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS

JOSER NOYA, S.L.

Camiño Real de Angrois, 80
15700 - Santiago

Teléf.: 629 855 763
686 844 206

Juan Guerra
BAR · PULPERÍA
COMIDAS A DOMICILIO

¿DÓNDE NOS PUEDES ENCONTRAR?:

- Los **miércoles** estamos en **Santiago y A Estrada**
- Los **viernes** nos podrán encontrar en el **Milladoiro**
- Los **sábados** estamos en el **mercadillo de Pontevedra** cada 15 días

981 503 054 | 639 818 025
Vedra (A Coruña)
www.pulperiajuanguerra.com

"Visítanos y probarás la mejor comida gallega tradicional"

Festas da Ascensión

A Romaría das Flores regresa ao parque de Belvís con dobre xornada

Terá lugar o sábado e o domingo • Inclúe actuacións variadas e actividades infantís

Redacción

Despois do éxito da súa primeira edición o ano pasado, a Romaría das Flores volverá facer retumbar o Parque de Belvís na Ascensión. Esta vez, cun formato ampliado de dous días de festa, o sábado e o domingo, que incluírá actuacións de orquestras, artistas e agrupacións locais; actividades para os máis pequenos, e unha ampla zona gastronómica para facer máis amenos os descansos, na que participan hostaleiros da capital galega como Chicha Lovers ou O Bochinche.

Mantendo o espírito de encontro popular e diversidade musical que tanto caracteriza esta cita, a programación reunirá propostas destacadas

da escena galega e peninsular. Unha filosofía que busca reunir en Compostela a amantes de todos os xéneros.

Os protagonistas

Este sábado 16 de maio actuarán a agrupación emerxente Fuego Lolita, unha das bandas noveis que forman parte do Centro Xove de Creación Cultural da Almáciga, en Compostela; a banda valenciana Lisasinson, que presentará o seu novo disco *Desde Cuándo Todo*; o MC compostelán Cibrán García, metade de Boyanka Kostova, co seu proxecto Saibrán; os andaluces Los Mejillones Tigre coa súa mestura de garage, cumbia e psicodelia; Familia Caamagno, que tocará o seu recente traballo *Disco Comarcal* nun concerto especial no que es-



Un dos espectáculos da anterior edición da Romaría das Flores.

Habilitarase unha zona gastronómica con postos de hostalería locais

tarán acompañados da Orquestra do Quince; e Los Punsetes, iconas do indie rock que levan máis de vinte anos enchendo salas e escenarios por toda a xeografía española co seu singular directo e himnos afeitos.

Completan a xornada a picada en sesión vermú de Chicho Selektor

(máis coñecido como Ortiga) e o peche a cargo de Pídechas o corpo.

Xa na xornada do domingo 17 de maio, a Romaría das Flores prolongarase ata media tarde coa celebración dunha sesión vermú ampliada co garage tropical da banda luso-brasileira afinada en Portugal Vinicius e seu Conxunto Selvagem, a orixinal Orquestra Neverloura e a actuación de Bigote Mix (Malandróneda, Fluzo).

Actividades para a cativada

En canto á programación familiar e infantil, contará con actividades popula-

res e musicais con Xogos do Paporrubio e a imprenta tipográfica ambulante de Alouette Machine.

Como novidade nesta edición, a Romaría das Flores sumará forzas con editoras locais que celebrarán durante estas datas a súa Feira de Editoras de Compostela.

Esta segunda edición da Romaría das Flores busca consolidarse como unha das propostas culturais e festivas máis singulares, celebrada nun dos espazos máis emblemáticos da capital galega. Está organizada polo Concello de Santiago, coa produción de Tremendo Audiovisual. ■

CEDIDA

- Encuadernación y acabados
- Manipulación de envíos
- Edición de libros y revistas
- Impresión publicitaria
- Diseño y maquetación
- Preimpresión
- Impresión offset y digital

Tras da Estivada, 3 · Montouto (Cacheiras - Teo)
Tfno.: 981 54 96 00 · www.arigraf.es

FELICES E PICHELEIRAS FESTAS da Ascensión

Festas da Ascensión

O motor invade Área Central cunha mostra de máis de 120 coches

A Fast Life Expomotor chegará o 16 e 17 de maio vehículos únicos e actividades variadas

Redacción

A mostra de vehículos contemporáneos e clásicos Fast Life Expomotor celebra este sábado e domingo a súa segunda edición. Tralo éxito acadado o ano pasado, o evento volverá encher Área Central de amantes da automoción, familias e curiosos para ofrecer un plan orixinal en plenas Festas da Ascensión.

En horario de 11.00 a 20.00 horas o primeiro día, e de 11.00 a 17.00 na xornada de clausura, a cita pretende congrega nun mesmo escenario preto de 120 vehículos en total, con arredor de 60 coches expostos cada día. Segundo o fundador da mostra, Fran Antelo, para o proceso de selección seguen unha idea central: «Buscamos seleccionar modelos que cha-

men a atención, dos que non ves todos os días». Neste sentido, os corredores de Área Central acollerán tanto máquinas das marcas máis actuais do mercado como xoias clásicas ou tuneadas. «É unha mestura de estilos», sinala.

O organizador explica que a exposición non busca ser soamente un espazo de encontro para os afeccionados do sector, senón un lugar que esperte o interese do público xeral e de todas as idades: «A idea é ofrecer un proxecto co que a maioría dos visitantes poidan pasalo ben e quedar sorprendidos cos coches da mostra».

A iniciativa contará tamén con diferentes postos de venda de produtos de automoción e roupa. Ademais, realizaranse sorteos de máis dunha vintena de artigos como produtos de limpeza para coches, roupa do even-



Coches expostos no interior de Área Central na pasada edición de Fast Life Expomotor.

to, revistas ou descontos en negocios locais, entre outros.

Haberá un torneo de Scalextric e espectáculos de drift con coches de radio control en ambas as xornadas. Asemade, o sábado terá lugar un espectáculo en vivo no que se aerografía un coche e, o domingo ao rematar a mostra, convidarase aos voluntarios que se achegasen cos seus coches a Área Central que participen nunha ruta en grupo. «É unha forma de traer o mundo do motor a Santiago pola Ascensión», indica Antelo. ■



Haberá coches tuneados e de todas as marcas do mercado.

CASA MANOLO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

"os pequerrechos"

Cuidamos a tu hijo con todo el cariño del mundo

PREMIO MEJOR PROYECTO INFANTIL

ESTAMOS EN ÁREA CENTRAL Y HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO

• Hospital Clínico •
• Pajaritas •
• Cuilaredo •
• Madrid •

Tels.: 981 936 036 - 981 956 032

HORARIO: DE 7.30 A 20.30 H

www.ospequerrechos.com

19 centros: Cuatro Caminos, Rda. de Outeiro, Madrid, Rda. de Nelle, Ciudad Jardín, Pajaritas, Ferrol, Cambre, A Corveira, Zapateira, Santiago, Matogrande, Universidade...

ESPECIALISTAS EN ANDAMIO DE ALUMINIO MULTIDIRECCIONAL HD DE ALTA RESISTENCIA

▶ Nos dedicamos a la venta y alquiler de andamio de aluminio con una gran variedad de soluciones, adaptándonos a todas las necesidades que puedan presentarse en múltiples oficios y a precios muy competitivos

ZIMAL

Venta y alquiler de andamio de aluminio

☎ 881 946 970

C/ M^º Ángeles de la Gándara nº55 Pol. de Boisaca Santiago de Compostela • administracion@zimal.es

Festas da Ascensión

CEDIDA

Un dos clásicos da Ascensión: a Volta Ciclista celebra as súas vodas de prata

Celebrarase o domingo e a previsión é contar con algo máis de 200 mozos participantes

Redacción

Un dos piares máis tradicionais das Festas da Ascensión, a Volta Ciclista, celebra este ano as súas vodas de prata. Así, a proba deportiva por antonomasia das celebracións volverá darlle un toque especial á capital galega fomentando a competitividade entre os mozos e mozas e poñendo en valor o compromiso de Santiago con esta disciplina da man do Club Ciclista Compostelano, entidade organizadora do evento.

Segundo o seu director, Alberto Fe-

reiro, «trátase dunha carreira histórica que chegou a abranguer tres días da Ascensión». Engade, ademais, que «moitos dos grandes ciclistas e clubs de Galicia participaron nela», o que demostra o seu valor histórico.

Co paso dos anos, a proba pasou de ser unha competición de carácter máis profesional a presentarse como unha carreira para categorías inferiores. Segundo as idades, os corredores darán media volta (categoría promesas), unha volta (principiantes), catro voltas (alevíns), oito voltas (infantís), quince voltas (cadetes) e vinte voltas, tanto júnior como élite sub-23 femininas. Asemade, haberá unha categoría de inclusión



Ciclistas correndo polo camiño empedrado, o tramo máis simbólico do percorrido con vistas á Catedral.

para que os rapaces con discapacidades físicas tamén poidan competir. As carreiras comezarán a partir das 10.00 horas desde as categorías máis pequenas. A organización estima contar con algo máis de 200 participantes en total.

Un dos factores máis significativos da Volta Ciclista da Ascensión é o percorrido. Os competidores pasan pola contorna do parque da Alameda con

«É moi bonita porque tanto a mocidade como os seus pais vívena moito»

saída e chegada na avenida de Xoán Carlos I. O tramo que todos os participantes agardan son os 300 metros

do camiño empedrado. «É un traxecto fermoso con vistas á Catedral de Santiago, polo que moitos espectadores agardan aquí polos ciclistas», explica Ferreiro.

En definitiva, a Volta Ciclista é un evento que non pode faltar nas festas máis picheleiras: «É moi bonita porque tanto a mocidade como os seus pais vívena moito». ■

AS E OS SOCIALISTAS DE SANTIAGO
 DESEXÁMOSVOS A TODAS AS VECIÑAS E VECIÑOS DE COMPOSTELA

QUE DESFRUTEDES
DAS FESTAS DA ASCENSIÓN



Participa, opina, achega!

 @socialistas_compostela

 Socialistas Santiago de Compostela

 636 692 424



Festas da Ascensión

Música, convivencia e tradición nas festas máis picheleiras

A comparsa de cabezudos, a Festa dos Maiores e o torneo de chave volverán facer as delicias dos composteláns nas Festas da Ascensión

Redacción

Chega a Ascensión e aparece a diversión en Santiago. A cidade esperta este xoves 14 de maio co espírito máis popular das festas, nunha xornada pensada para tomar as rúas, encher as prazas de música e manter vivas esas tradicións que cada ano fan da Ascensión unha das celebracións máis agardadas polos composteláns.

A mañá comezará co son da alborada da Asociación Cultural Música e Baile Tradicional de Conxo, que partirá desde o barrio ata a praza de Fonseca entre as 10.00 e as 12.00 horas. Pouco despois, ás 12.30, sairá desde o Teatro Principal a comparsa de cabezudos, unha das imaxes máis recoñecibles destas festas. Nenos, familias e curiosos volverán seguir o paso destas figuras polas rúas do casco histórico, nun desfile que conecta a memoria

festiva da cidade co ambiente máis familiar. A tradición volverá gañar protagonismo pola tarde co *Folk na rúa*, de 18.00 a 20.00 horas en Santo Agostiño, Toural, Cervantes e Obradoiro.

Diferentes agrupacións levarán a música tradicional a varios espazos do centro, antes da actuación conxunta das 20.00 horas na praza das Praterías. A proposta reforza o carácter aberto dunha festa que se vive a pé de rúa e que converte Compostela nun escenario compartido.

O programa continuará nos días seguintes con máis citas vinculadas á cultura popular. O sábado 16, Amio aco-

Esta tarde haberá concertos de folk na rúa e o sábado actuacións de baile

llerá ás 14.00 horas a XXVI Festa dos Maiores, un encontro xa consolidado no calendario da Ascensión e pensado como homenaxe aos veciños de toda a vida. Ese mesmo día, entre as 12.00 e as 18.45 horas, as escolas de baile tradicional actuarán en distintas prazas, levando muiñeiras, xotas e pasodobres ao corazón da cidade.

Tamén o sábado, a Alameda será escenario ás 17.00 horas do XLIX Torneo de Chave, unha competición que mantén vivo un dos xogos tradicionais máis arraigados en Galicia. O domingo 17, a despedida chegará con Latexo Percusión, que ás 19.00 horas percorrerá o centro nun desfile cheo de ritmo. Unha cita que une xeracións arredor da identidade da cidade. Así, a Ascensión volverá combinar música, tradición e convivencia, consolidándose como unha festa feita para que os picheleiros saian gozar nas rúas. ■



Grupo de participantes na Festa dos Maiores celebrada o ano pasado en Amio.



Cabezudos desfilando pola cidade.



Competidor nun Torneo de Chave.



COMPOSTELANA de CARNES, S.L.

MATADERO MUNICIPAL

Teléfono: 981 566 262 | Vía Edison Nº 13
Polígono del Tambre - SANTIAGO





ALQUILERES REYCA

www.alquileresreyca.es • info@alquileresreyca.es

Oficinas principales:
Pol. Ind. del Tambre - Vía Nobel, 4
SANTIAGO
Teléfs.: 981 587 555 • Fax: 981 575 394

C/ Cimadevila, nº 67 - baj
BOIRO (Barbanza) o Teléf.: 981 846 554

MAQUINARIA PARA CONSTRUCCIÓN Y OBRAS PÚBLICAS

- Compresores Diésel y Accesorios
- Grupos Electrójenos
- Retroexcavadoras y Accesorios
- Compactación
- Dumpers
- Carretillas Elevadoras
- Hormigoneras
- Vibración
- Bombas de Achique y Accesorios
- Cañones aire caliente y
- Deshumificadores
- Hidrolimpiadoras
- Aspiradores Industriales
- Maquinaria de Corte
- Martillos Eléctricos y Accesorios






RECUERDE

Nuestros productos **son aditivados** y contribuyen al cuidado de su motor

*productos procedentes de la refinería

Festas da Ascensión

CEDIDAS

Casa Manolo e La Bodeguilla, para xantar ben na Ascensión

Xa sexa para gozar dunha cea en grupo ou para degustar un menú do día, a capital galega destaca pola calidade da súa gastronomía local

Redacción

As Festas da Ascensión non só provocan movemento e actividade en Santiago, tamén é unha data na que os familiares reencóntranse, os amigos reúnense e o sentimento de comunidade brilla en toda a cidade. Dentro deste bulicio festivo, a gastronomía preséntase como un dos principais reclamos dos veciños e visitantes que buscan probar a excelencia culinaria que caracteriza a Galicia.

Desde os establecementos máis enfocados na innovación ata os recunchos de estilo máis tradicional, a capital galega presume dunha oferta culinaria case interminable con opcións para todos os gustos, intereses e ocasións.

Sexa marisco, carnes, peixes ou verduras, Santiago alberga unha

longa lista de profesionais dos fogóns que a convertiron nunha cidade na que facer unha parada para xantar é algo obrigado.

Neste sentido, Compostela conta con dous locais de restauración que aseguran unha experiencia única aos seus clientes, sobre todo para aqueles que buscan degustar a excelencia gastronómica da nosa comunidade: Casa Manolo e La Bodeguilla.

Casa Manolo

En pleno casco antigo, concretamente na Praza de Cervantes, si-

Ambos os dous locais sobresaen pola súa gastronomía local de alta calidade

túase Casa Manolo. Un restaurante enfocado na comida tradicional galega idóneo para axendar ceas en grupo ou gozar do seu económico menú do día por 14,50 euros.

Na súa oferta resaltan suculentos pratos como o caldo galego, as croquetas de bacallau, a caldeirada de luras, os pementos de Padrón ou o lomedro asado con guarnición.

La Bodeguilla

En San Lázaro, 104, e na Avenida da Liberdade, 11, tanto na Bodeguilla de San Lázaro como na de Santa Marta, as suxestións do día marcan o ritmo da cociña. Peixes, carnes ou verduras da praza e unha elaboración tradicional con produtos de tempada completan unha interesante oferta pensada para compartir arredor dunha boa botella de viño. ■



O restaurante Casa Manolo, na Praza de Cervantes.



La Bodeguilla de San Lázaro.

PANADERÍA
«O CORNECHO»

Especialidades:
pans artesanais e empanadas

Presidente Salvador Allende, 2
☎ 981 564 230 • Santiago de Compostela

celebra!

bodeguilla
de santa marta
Santiago de Compostela

www.labodeguilla.gal

Bodeguilla
de San Lázaro
Santiago de Compostela

#bodeguillastore

NUEVA OFICINA

para contratación de Repsol Luz y Gas

en Santiago

C/ Alfredo Brañas 14

Disfrute de su hogar, instale comodidad

PROYECTOS E INSTALACIONES DE GAS NATURAL Y GAS PROPANO

www.socogas.es

SOCOGAS, S.A.

Polígono Novo Milladoiro • C/ Palmeiras, 61 A1 • AMES • A Coruña • T. 981 524 696 • administracion@socogas.es

Festas da Ascensión

CEDIDAS

O Museo Casa de la Troya reabre as súas portas na Ascensión

A vella pensión de estudantes comeza a nova tempada con visitas guiadas de ata 15 persoas

Redacción

Un dos recunchos históricos de Santiago, o Museo Casa de la Troya, reabre as súas portas este xoves coincidindo coa festividade da Ascensión. Comeza así a súa tempada de primavera-verán, que se prolongará ata mediados de outubro. O horario será o habitual: de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas. Así, o lugar poderá visitarse de xoves a sábado ata mediados de xullo, e logo xa en horario continuado (de martes a sábado), pechando soamente os domingos e os luns.

O director do museo e presidente da Asociación de Antigos Tunos Compostelanos (entidade que xestiona a Casa de la Troya), Benigno Amor, anima a todos os composteláns a percorrer a vella pensión de estudantes que inmortalizou Alejandro Pérez Lugín na súa novela homónima. Lembra que «as visitas para grupos, cun máximo de quince

persoas, son guiadas e teñen unha duración de entre vinte e vintecinco minutos».

O prezo xeral das entradas ascende a 3 euros, mentres que o reducido é de 2 euros para familias numerosas, persoas xubiladas e desempregadas, estudantes, peregrinos e tamén para a veciñanza de Compostela.

Desde 1886 ata 1906, a Casa de la Troya funcionou como hospedería de estudantes. A súa dona orixinaria foi Generosa Carollo, propietaria da pensión na que se desenvolve a novela. Nos anos sucesivos viviron nela varias familias, unha por planta, como era habitual na época, ata mediados da década de 1960.

O Concello de Santiago adquiriu a residencia antiga, pero a súa rehabilitación non se materializou ata comezos dos anos noventa. Nese momento xa non quedaba nada da decoración orixinal, polo que a vivenda foi baleirada para tratar de recrear o ambiente e a distribución dos pisos de acordo coa época na



Unha das habitacións da Casa de la Troya.

A hospedería antiga poderá visitarse de xoves a sábado ata mediados de xullo

que transcorre a novela, arredor do ano 1885. Na actualidade está integrada na rede de museos de Galicia e abre varios meses ao ano, especialmente durante o verán, permitindo aos picheiros afondar nunha parte da súa historia. ■



Sala de reunións da vella hospedería de estudantes.

MANILLAS ELECTRÓNICAS PARA HOTELES

- ✓ CHECK-IN ONLINE
- ✓ TECLADO
- ✓ WHATSAPP
- ✓ TARJETA



ferrva


herrajes & seguridad

C/ Vista Alegre, 61 bajo - Santiago de Compostela

Tel: 981 58 98 93 | Whatsapp: 698 14 67 94
















Email: comercial@ferrva.com

www.ferrva.com

¡Síguenos en nuestras redes sociales!  



Rúa das Palmeiras, 83 B1
Pol. Ind. Novo Milladoiro - Ames
ventas@limpiezasgermania.es
T. 981 941 659

-  Fábricas
-  Industria alimentaria
-  Sanidad
-  Hoteles y restauración
-  Limpieza de pavimentos
-  Oficinas
-  Desinfección
-  Educación
-  Obras
-  Comercios y áreas comerciales
-  Fachadas y cristales
-  Comunidades y urbanizaciones
-  Garajes y parkings
-  Servicios especiales
-  Instalaciones deportivas



Festas da Ascensión

O Camiño continúa sen teito no 2026 e alcanza máximos históricos

En pre-Ano Santo, o primeiro cuadrimestre supera os 80.000 peregrinos chegados á cidade

Santiago de Compostela vive estes días unha época máxica coa celebración das Festas da Ascensión. A cidade peregrina énchese de música, tradición, cor e encontros, nun ambiente que transforma as súas rúas e convida a gozar de Compostela con todos os sentidos. Este espírito festivo coincide, ademais, cun momento especialmente doce para o Camiño de Santiago, que non para de incrementar a súa popularidade ano tras ano.

Os datos do mes de abril rexistraron 56.230 peregrinos, o mellor dato da serie recente e significativamente por enriba dos anos anteriores cos 54.653 de 2025, os 42.291 de 2024 e os 40.904 de 2023. Os resultados cobran aínda máis relevancia ao tomar como referencia o impacto da pandemia no Ano Santo 2021, cando apenas se contabilizaron algo máis dun milleiro de camiñantes.

O primeiro cuadrimestre, un período tradicionalmente considerado de tempada baixa, tamén amosa cifras históricas cun claro protagonismo dos peregrinos internacionais e unha presenza cada vez máis diversa de camiñantes chegados de todos os rincóns do globo.

O 63 % dos peregrinos que chegaron este ano son estranxeiros, a maioría procedentes dos Estados Unidos

Entre xaneiro e abril, o Camiño alcanzou os 80.101 peregrinos, uns números que deixan atrás con claridade os 75.171 rexistrados no 2025 e os 70.514 do 2024, marcando así un novo récord recente. Aínda que o ritmo de medre é menos intenso ca



Peregrinas e peregrinos na Praza do Obradoiro.

nos anos inmediatamente posteriores á pandemia, mantense firme, cun incremento interanual próximo ao 7 %, sinal de que o fenómeno xacobeo entra nunha etapa máis madura, pero segue avanzando de maneira sostida.

Predominio de peregrinos internacionais

Un dos aspectos máis relevantes destas cifras é o peso crecente dos peregrinos internacionais. No que vai de 2026, as persoas chegadas doutros países supoñen xa o 63 % do total, con 46.134 camiñantes, fronte ao 37 % de peregrinos espa-

ñois, que suman 29.867. Estes datos evidencian unha transformación profunda no perfil do visitante e confirman unha tendencia que se vén consolidando nos últimos anos: o Camiño de Santiago converteuse nun fenómeno de alcance global, cunha proxección internacional cada vez máis marcada.

Neste escenario, Estados Unidos afírmase como o segundo país de procedencia con máis peregrinos, só por detrás de España, superando os 5.500 camiñantes durante o primeiro cuadrimestre do ano. Portugal, Alemaña e Italia completan os primeiros postos dunha lista que evidencia a forte presenza internacio-

nal, tanto europea como americana. Esta diversidade tamén se deixou notar no mes de abril, no que o número de nacionalidades presentes no Camiño continuou aumentando, reforzando o carácter cada vez máis global da ruta xacobeá.

O Camiño francés, a opción máis repetida

O Camiño Francés segue a ser a ruta principal, mentres o Portugués e a variante pola costa gañan forza como alternativa. Este dobre eixo amosa a atracción dos itinerarios clásicos e unha demanda cada vez máis diversa no contexto xacobeo. ■

TRADICIÓN ITALIANA
en Sicilia in Bocca

SANTIAGO DE COMPOSTELA - Av. Rosalía de Castro, 72 | 881 973 324

A CORUÑA - Rúa Juana de Vega, 17 | 981 111 117

BERTAMIRANS - Tr.ª da Peregrina, 7 | 981 801 854

GARABAL

INSTALACIONES

INNOVACIÓN

CALIDAD

SERVICIO

www.garabal.es

981 521 447

Estación de Servicio Santa Lucía

Tenemos cabra

En Santa Lucía tu comida de cada día

Gran variedad de comida casera para llevar y también por encargo para tus reuniones, fiestas, eventos...

Comidas caseras

PARA LLEVAR

FROIZ

SUPERMERCADO, CAFETERÍA Y LAVANDERÍA AUTOSERVICIO

Ctra. Nacional 525 Lalin-Orense • Santa Lucía • Santiago (a 2 km. del Corte Inglés) • essantalucia@hotmail.com

www.estaciondeserviciossantalucia.com | 981 817 407 | Abierto de lunes a domingo de 7 a 23 h

Súbete a tus decisiones.

Hyundai TUCSON

Desde

150 €/mes

- 48 cuotas de 150€
- Entrada: 10.132,60€
- Última cuota: 19.705,79€
- TAE: 6,61%**
- TIN: 5,25%

Con hasta 4 años de mantenimientos incluidos***



Tu cerebro tiene algo maravilloso: la capacidad entre miles de posibilidades que existen, de elegir una. Y cuando decides se produce un clic, un boom, un qué sé yo... que te hace avanzar, progresar, y cuando esto pasa, una vez tras otra, te vienes arriba y nunca te bajas. Por eso, si decides subirte a un Hyundai TUCSON, líder en ventas durante 5 años consecutivos*, es normal que ya no quieras bajarte de él. Además, incluye 4 años de mantenimiento para tu total tranquilidad.

Súbete a tus decisiones.

Red de concesionarios Hypersa.

Vigo. Pontevedra. Villagarcía. Ourense. Coruña. Santiago. Ferrol. Carballo. Lugo.



Gama Hyundai TUCSON: Emisiones CO₂ (gr/km): 137-158. Consumo mixto (l/100km): 5,2-7. Valores de consumos y emisiones obtenidos según el nuevo ciclo de homologación WLTP. *Datos DGT según número de matriculaciones del segmento C-SUV hasta 31/12/2025. **Ejemplo de financiación para TUCSON FL 1.6T 239CV HEV AT KLASS PVP: 40.325 € (no incluye descuentos). Precio financiando: 32.525 €. Incl. IVA, transporte, impto. Matriculación, descuento promocional, aportación de concesionario y Plan Renove de Hyundai aplicable por la entrega de un vehículo usado bajo titularidad del comprador durante al menos los 6 meses previos a la fecha de compra de un vehículo Hyundai. Entrada: 10.132,60 €. Comisión de formalización (3,95%) al contado: 884,50 €. Importe financiado: 22.392,40 €. 48 cuotas de 150 € y una última cuota de 19.705,79 €. Total intereses: 4.513,39 €. Coste total del crédito: 5.397,89 €. Importe total adeudado: 27.790,29 €. Precio total a plazos: 37.922,89 €. TIN 5,25% TAE 6,61%. Sistema de amortización francés. Oferta aplicable para clientes particulares que financien con el producto Hyundai Financiación Flexible a través de Banco Cetelem hasta el 31/05/2026. ***Disfruta de hasta 4 años de mantenimiento o los 4 primeros mantenimientos del vehículo, lo que antes suceda, y siempre siguiendo las especificaciones e intervalos indicados en el pasaporte de servicio del vehículo que corresponda, en su modalidad estándar. No incluye operaciones adicionales detectadas durante su realización. Plan de Mantenimiento Hyundai Tranquilidad gratuito en función de la duración del préstamo. Modelo visualizado: Hyundai TUCSON N Line. Consulta las condiciones de oferta, mantenimiento y garantía en la red de concesionarios Hyundai o en www.hyundai.es